

Ledicia Costas: "Escribir en galego implica moitas renuncias, tamén unha conciencia"

17 de setembro de 2016

<https://www.farodevigo.es/sociedad/2016/09/17/ledicia-costas-escribir-galego-implica-16514337.html>

A escritora Ledicia Costas presentou onte unha historia que, como ela mesma define, "é unha mestura da realidade histórica do Vigo de finais do século XIX e a ficción literaria. Protagonizada por unha estirpe de mulleres que teñen alma de planta, *Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta* vén avalada polo premio Larazillo de Creación Literaria 2015.

-As mulleres teñen moito peso nesta historia.

-Nos últimos anos as mulleres, e falo en concreto da literatura infantil e xuvenil, son protagonistas e creo que iso é algo positivo porque en décadas anteriores non era así. A min interesábame relatar a historia dunhas mulleres cunhas características moi singulares. A pesar de que elas viven dentro de esa ficción literaria nun momento histórico onde todas as grandes fortunas estaban manexadas por homes, como Sanjurjo Badía ou o proio Verne, elas teñen a forza, a fouteza e a coraxe necesaria para conseguir aquilo que elas se propoñen. Esa era a miña idea central, que a súa valentía fose suficiente.

-Comparten protagonismo con Jules Verne. Por que escolleu este personaxe?

-É un tipo moi atractivo para calquera persoa que se dedique ao mundo da escrita. Está rodeado de un halo de misterio e pareceume moi interesante convertelo en personaxe de novela. Cando descubrín que Verne estivera en Vigo despois de escribir *20.000 leguas de viaxe submarino* e non antes, como eu pensaba coa lóxica, entón pensei que por qué non recrear unha das viaxes de Verne a Vigo a partir de esa realidade histórica e do contexto que rodeaba á cidade e ao propio escritor. E así foi como me animei.

-A novela ven avalada por un dos premios máis prestixiosos como é o Lazarillo. Como se sente?

-Moi contenta, sobre todo por presentala na cidade de Vigo que é un dos grandes protagonistas da novela. O feito de levar o premio Lazarillo é fantástico porque é unha novela escrita en galego e é un premio de ámbito nacional. Para min o feito de que lle concedesen ese premio a unha obra escrita en galego é algo que me reconforta e me anima moito.

-É unha grande defensora do galego, pero este libro se publica tamén en castelán...

-Si, e en breves tamén en catalán. Malia que temos moi poucos apoios e é complexo o tema das traducións, escribir en lingua galega implica moitas renuncias, tamén implica unha conciencia e un posicionamento claro con respecto á lingua e creo que aquí hai que escribir dende o galego.

-Ambientar a obra en Vigo foi gratificante?

-Ese é outro dos fíos dos que tirei. Vigo para min é unha cidade moi literaria e como escritora ter a posibilidade de ambientar unha novela na cidade na que vivo é fantástico. Declárome fan e unha namorada da cidade na que vivo e dalgún xeito quixen facerlle unha grande homenaxe a miña cidade e que mellor maneira que escribir unha novela.

-Xa está amasando outra historia?

-Acabo de rematar unha novela infantil e tócame empezar outra pero de adultos.